

#deseñogalego  
#materiotecadegalicia


@InnovaDeseno  
@innova\_con\_deseno\_galego



CICLO SUSTENTABILIDADE E CIRCULARIDADE DOS MATERIAIS

## Workshop presencial e online MATERIAIS E ECODESEÑO

Xoves, **6 outubro** de 2022. De 10:00 a 14:00 h.  
CIS Tecnoloxía e Deseño, Ferrol



MATERIOTECA DE GALICIA

Os materiais sostibles presentan novas texturas que, a través do ecodeseño, permiten innovadoras propostas estéticas, á vez que, polas súas características e procesos, conseguen minimizar o impacto ambiental dos produtos. Estes materiais contribúen tamén á gratificante percepción do consumo de produtos responsables por parte das persoas que os adquiren.

Este workshop, organizado pola Axencia Galega de Innovación a través da Materioteca de Galicia, está orientado a profesionais do deseño, da enxeñería e da construción con interese pola aplicación de novos materiais en procesos innovadores.

Na primeira parte da xornada, de carácter híbrido presencial-*online*, a experta en deseño CMF (acrónimo en inglés de cor, materiais e acabados) **Noemí Cortizas** presentará diversos casos de aplicación deste tipo de materiais nos que, sen prexudicar a experiencia do usuario, se prioriza o respecto ás normativas europeas e os seus criterios de sostibilidade, á vez que se melloran o produto e o envase dunha marca. A continuación, dúas empresas galegas expoñerán as súas experiencias co ecodeseño para a creación de novos produtos a partir de madeiras máis sostibles e de procedencia local: **Mobalco** (mobiliario de cociña) e **Timbersoul by Cándido Hermida** (aplicacións arquitectónicas de novos soportes estruturais de madeira).

Durante a segunda parte do workshop, que terá carácter exclusivamente presencial, os expertos da empresa **Materially** dinamizarán un taller práctico e interactivo no que se analizará unha selección de materiais sostibles e as súas oportunidades de aplicación mediante o ecodeseño. Estes materiais forman parte dun estudo estratéxico que será presentado durante o taller e publicado na web da Materioteca de Galicia.

10.00 - 10.10 h	<b>Presentación do workshop</b> María José Mariño. Axencia Galega de Innovación
10.10 - 10.40 h	<b>As directivas europeas de deseño sostible e como aplicalas usando o deseño de cores, acabados e materiais</b> Noemí Cortizas. Experta en enxeñería e deseño CMF
10.40 - 11.10 h	<b>O novo material estrutural: EcoTimberCell</b> Begoña Jiménez. Timbersoul by Cándido Hermida
11.10 - 11.40 h	<b>Ecodeseño baseado no aproveitamento de recursos naturais</b> Francisco Davila. Mobalco
11.40 - 12.00 h	<b>Pausa-café</b>
12.00 - 14.00 h	<b>Taller de presentación de materiais</b> (só presencial) Unai Etxebarria e Iker Agirre. Materially
14.00 - 15.00 h	<b>Peche da xornada e aperitivo - <i>networking</i></b>